

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U., ORANGE ESPAGNE, S.A.U., VODAFONE ESPAÑA, S.A. E REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A CONSTITUCIÓN DO NODO DE COOPERACIÓN 5G DE GALICIA E A REALIZACIÓN DE DIVERSAS PROBAS DE CONCEPTO NO EIDO DO 5G NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Vigo, a 6 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. M^a del Mar Pereira Álvarez, directora da **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** (de aquí en adiante AMTEGA), con NIF n^o Q1500382E, actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, D^a Marta Menéndez Martínez, actuando en nome e representación de **TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.**, (de aquí en adiante TELEFÓNICA), con NIF n^o A78923125 e domicilio social en Madrid, Ronda de la Comunicación sn, e facultada para este acto en virtude da súa condición de Apoderada, segundo consta en Escritura de Poder outorgada pola Notaria de Madrid, Ana López-Monís Gallego, o día 15 de abril de 2016, co n^o de protocolo 1.503.

Doutra parte, D. Ignacio de Orúe Sabau, actuando en nome e representación de **ORANGE ESPAGNE, S.A.U.** (antes FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A.U., e de aquí en diante ORANGE), con NIF n^o A-82009812 e domicilio social en Parque Empresarial "La Finca",

Paseo del Club Deportivo, 1, Edificio nº 8, código postal 28223 de Pozuelo de Alarcón (Madrid), na súa condición de apoderado da mesma, en virtude da escritura de apoderamento outorgada o 24 de xaneiro de 2008 ante o Notario de Pozuelo de Alarcón, Don José Antonio Bernal González, baixo o número 175 do seu protocolo.

Doutra parte, D. Carlos Becker Mantecon, actuando en nome e representación de **Vodafone España, S.A.U.** (de aquí en adiante VODAFONE), con NIF nº A-80907397 e domicilio social en Avenida de América, número 115, 28042 Madrid, na súa calidade de apoderado da mesma segundo resulta da escritura autorizada polo Notario de Madrid, Don Francisco Javier Cedrón López-Guerrero, o día 27 de setembro de 2017, co número 1512 do seu protocolo.

E doutra parte, D. Miguel Rodríguez Quelle, director xerente de **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL)**, con NIF nº A15643687, en nome e representación da mesma e facultado para este acto en virtude da súa condición de Apoderado, segundo consta en escritura outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Héctor R. Pardo García, o día 16 de xuño de 2015, co número 1.059 do seu Protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, e facultado para este acto polo Consello de Administración da sociedade na súa sesión de 10 de outubro de 2018.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

- I. Que a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante AMTEGA)** é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Os seus estatutos atribúenlle entre outras competencias e funcións, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

II. Que Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), constitúe unha entidade das comprendidas non ámbito da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á AMTEGA a través da área de Infraestruturas e Telecomunicacións, e creada para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Creada mediante Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da consellería de Economía e Facenda, xestiona e explota infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Así, Retegal constitúe unha sociedade mercantil pública autonómica, declarada medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

III. Que, no mes de xullo de 2013, asinouse o *Pacto para o avance dixital de Galicia* (en diante **Pacto Dixital**) entre a Xunta de Galicia e empresas TIC que operan en Galicia, no que se incorpora un decálogo de compromisos a cumprir por todas as partes e poder conseguir así unha firme cooperación que convertese ao sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía para poder acadar o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020.

IV. Que a Xunta de Galicia a través da AMTEGA ven de publicar o seu **Plan Galicia 5G**, no que se fai fincapé na necesidade de colaborar no eido da dita tecnoloxía, en base ás

competencias autonómicas en materia de fomento e promoción da economía, e define, como resultado último da labor colectiva levada a cabo no ámbito do devandito Plan, unha serie de medidas (4) para impulsar a implantación das 5G en Galicia.

V. Que dentro da Medida 2 do Plan Galicia 5G (Impulsar as 5G) contemplanse a posta en marcha dun Nodo de Cooperación 5G onde conflúan os desenvolvedores de solucións 5G cos potenciais demandantes, actuando como concentrador do ecosistema galego 5G de xeito que se poida avanzar na concreción da aplicación práctica das 5G para resolver os retos do mercado.

VI. Que dentro da Medida 3 do Plan Galicia 5G (Galicia rexión piloto 5G) contempla a realización de probas de concepto das tecnoloxías 5G, destacando a necesidade de que na súa definición se impliquen os operadores, o hipersector TIC e os diferentes sectores socioeconómicos de Galicia, coa intención de que se aborden de forma innovadora retos de relevancia para Galicia.

VII. Que, no mes de xullo de 2013, asinouse o *Pacto para o avance dixital de Galicia* (en diante **Pacto Dixital**) entre a Xunta de Galicia e empresas TIC que operan en Galicia, no que se incorpora un decálogo de compromisos a cumprir por todas as partes e poder conseguir así unha firme cooperación que convertese ao sector da economía do coñecemento nun dos motores da economía para poder acadar o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020.

VIII. Que, é interese dos operadores de telecomunicación que dispoñen de frecuencias en 5G e asinantes do **Pacto Dixital de Galicia** (TELEFÓNICA, ORANGE e VODAFONE), RETEGAL e AMTEGA, e no ámbito do decálogo asinado, potenciar o uso das tecnoloxías emerxentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e especialmente converter Galicia nun referente do 5G a nivel estatal.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acódesse a un suposto de “colaboración entre unha Administración Pública

ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado” regulados polos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre **AMTEGA, TELEFÓNICA, ORANGE, VODAFONE e RETEGAL** para constituír o Nodo de Cooperación 5G de Galicia definido na Medida 2 do Plan Galicia 5G e promover o desenvolvemento de diferentes probas de concepto coa utilización da tecnoloxía 5G na Comunidade Autónoma de Galicia, contempladas na Medida 3 do Plan Galicia 5G.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DE CONSTITUCIÓN DO NODO DE COOPERACIÓN 5G DE GALICIA

O Nodo de Cooperación 5G de Galicia, contemplado na Medida 2 do Plan Galicia 5G, é o punto de confluencia de desenvolvedores e demandantes de solucións 5G, que actuará como concentrador dos retos derivados das demandas do mercado e as capacidades das empresas do ecosistema 5G de Galicia, axilizando a confluencia de intereses e definición de modelos de negocio en torno ás tecnoloxías 5G.

Os asinantes do convenio pasan a formar parte do Nodo de Cooperación 5G de Galicia, comprometéndose a:

- Implicarse na definición e funcionamento do Nodo de Cooperación 5 G de Galicia e as interaccións dos asinantes do convenio no seo do mesmo.
- Colaborar na execución das actuacións precisas para a consecución dos obxectivos do Nodo de Cooperación 5G de Galicia.
- Participar activamente na creación de grupos de traballo e foros abertos orientados á colaboración entre diferentes axentes do ecosistema (centros de investigación, operadores de redes de comunicacións electrónicas, universidades, grupos sectoriais...) de xeito que poidan avanzar na concreción dos horizontes de aplicación práctica das 5G.
- Canalizar todas as actuacións relativas á aplicación das tecnoloxías 5G en Galicia a través do Nodo de Cooperación 5G. Este compromiso non afectará os plans de despregamento de tecnoloxías 5 G en Galicia por parte dos asinantes do convenio, nin implicará a obrigação de facilitar os citados plans de despregamento a ningunha das partes.
- Poñer en coñecemento do Nodo de Cooperación 5G servizos existentes no mercado que permitan aplicar as tecnoloxías 5G para satisfacer demandas identificadas en Galicia.
- Dar traslado a través do Nodo de Cooperación 5G das necesidades e oportunidades identificadas nas que as tecnoloxías 5G poden representar solucións innovadoras.
- Adoptar as medidas necesarias para que as accións e omisións de cada parte á hora de executar este Convenio non afecten á correcta prestación do servizo polo resto das partes nin aos seus equipos e medios. En caso contrario, a parte incumplidora responderá fronte ao resto.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DE DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE CONCEPTO

COMPROMISOS COMÚNS A TODAS AS PARTES:

- Levar a cabo as actuacións precisas para a consecución dos obxectivos acordados, para levar adiante as probas de concepto que se establezan.
- Asignar os medios humanos e materiais suficientes e, no seu caso, a subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións que se establezan no marco do presente convenio.
- Todas as actuacións serán conformes coas disposicións comunitarias e estatais que lle resulten aplicables e especialmente as derivadas do uso do espectro radioeléctrico.
- Ter cubertos, mediante os correspondentes contratos de seguro de responsabilidade e de accidente os riscos derivados das actuacións obxecto deste acordo de colaboración.
- Constituír Grupos de Traballo específicos para o desenvolvemento de cada unha das probas de concepto, dos que deberán formar parte os responsables da súa execución. Estes Grupos de Traballo abordarán os obxectivos das probas, o modo de financiamento das actuacións precisas sobre unha base bilateral, a súa definición e o control de actividades que se realicen no desenvolvemento de ditas probas de concepto.
- Facer referencia ó Plan Galicia 5G en tódalas comunicacións e publicidade relativas ó desenvolvemento das probas de concepto obxecto do presente convenio. En posteriores explotacións derivadas do resultado de ditas probas, farase referencia a que dito desenvolvemento foi posible grazas ó Plan Galicia 5G.

COMPROMISOS DA AMTEGA:

A AMTEGA asume os seguintes compromisos:

- Articular as políticas públicas axeitadas para favorecer os despregamentos das redes 5G en xeral, e en concreto a realización das probas de concepto.

- Establecer as canles de comunicación precisas para favorecer a realización dos equipos de traballo necesarios para a definición e realización das probas de concepto.
- Coordinar cos departamentos da Administración Autónoma de Galicia as medidas precisas para a realización das probas de concepto.
- Coordinar a definición de ditas probas de concepto, coa intención de que se aborden de forma innovadora retos de relevancia para Galicia, e supervisar o desenvolvemento das probas de concepto.

COMPROMISOS DE RETEGAL:

RETEGAL asume como obrigas as seguintes:

- Poñer a disposición dos asinantes do convenio as súas infraestruturas de telecomunicacións e o coñecemento dispoñible, para levar a termo as diferentes probas de concepto que se establezan.
- Asumir parte do financiamento das probas de concepto, segundo se detalla na cláusula cuarta do presente convenio.
- Coordinar a execución das probas de concepto.

COMPROMISOS DE TELEFÓNICA, ORANGE E VODAFONE.

Cada un dos operadores de telecomunicación TELEFÓNICA, ORANGE e VODAFONE asume de xeito individual as seguintes obrigas:

- Participar activamente na definición de cando menos dúas (2) probas de concepto de aplicación das tecnoloxías 5G en ámbitos de relevancia para Galicia, tomando como referencia os escenarios analizados no Plan Galicia 5G, que se detallan no ANEXO.
- Asumir parte do financiamento de ditas probas de concepto, segundo se detalla na cláusula cuarta do presente convenio.
- Levar a cabo as actuacións precisas para a execución de ditas probas de concepto.

CUARTA.- FINANCIAMENTO DAS PROBAS DE CONCEPTO

Este convenio ten carácter de convenio de colaboración público-privada con financiamento asumido polo sector público e o sector privado nos seguintes termos para o cofinanciamento das probas de concepto:

- Para o financiamento do desenvolvemento das probas de concepto obxecto do presente convenio, RETEGAL asumirá un importe máximo de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00€, IVE excluído) coa seguinte distribución:

2019	2020
350.000,00€	150.000,00€

Neste importe inclúense os custos propios (horas/home, infraestruturas, gasto enerxético, etc.) e as subcontratacións precisas, limitando ata un máximo do 40% do total dos gastos por proba de concepto.

- Para o financiamento do desenvolvemento das probas de concepto obxecto do presente convenio, TELEFÓNICA asumirá un importe mínimo de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00€, IVE excluído).

Neste importe inclúense os custos propios (horas/home, infraestruturas, equipamento e software, etc.) e as subcontratacións precisas, incluso financiamento dun terceiro que, actuando como socio/fabricante, poida participar activamente no desenvolvemento do caso de uso. Poderanse contemplar aportacións de terceiros para o financiamento das probas de concepto.

- Para o financiamento do desenvolvemento das probas de concepto obxecto do presente convenio, ORANGE asumirá un importe mínimo de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00€, IVE excluído).

Neste importe inclúense os custos propios (horas/home, infraestruturas, equipamento e software, etc.) e as subcontratacións precisas, incluso financiamento dun terceiro que, actuando como socio/fabricante, poida participar activamente no desenvolvemento do

caso de uso. Poderanse contemplar aportacións de terceiros para o financiamento das probas de concepto.

- Para o financiamento do desenvolvemento das probas de concepto obxecto do presente convenio, VODAFONE asumirá un importe mínimo de CINCOCENTOS MIL EUROS (500.000,00€, IVE excluído).

Neste importe inclúense os custos propios (horas/home, infraestruturas, equipamento e software, etc.) e as subcontratacións precisas, incluso financiamento dun terceiro que, actuando como socio/fabricante, poida participar activamente no desenvolvemento do caso de uso. Poderanse contemplar aportacións de terceiros para o financiamento das probas de concepto.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para a posta en marcha e o control de actividades que se realicen en aplicación do presente convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por seis membros: dúas persoas da AMTEGA e unha de cada un do resto dos asinantes do presente convenio.

Por parte da AMTEGA formarán parte da Comisión de Seguimento a directora da AMTEGA, ou persoa en quen delegue, que exercerá como Presidenta da Comisión de Seguimento. Tamén formará parte da Comisión o Director da Área de infraestruturas e telecomunicacións, ou persoa en quen delegue. Actuará como secretario da Comisión, con voz pero sen voto, un funcionario da AMTEGA cun nivel mínimo de xefe de servizo.

Por parte de RETEGAL, formará parte da Comisión de Seguimento o director xerente de RETEGAL, ou persoa en quen delegue.

Por parte de TELEFÓNICA, formará parte da Comisión de Seguimento Dna. Marta Menéndez Martínez, ou persoa en quen delegue.

Telefonica

orange™

vodafone

Por parte de ORANGE, formará parte da Comisión de Seguimento D. Ignacio de Orúe Sabau, ou persoa en quen delegue.

Por parte de VODAFONE, formará parte da Comisión de Seguimento D. Carlos Becker Mantecon, ou persoa en quen delegue.

A Comisión de Seguimento se reunirá, polo menos, unha vez ao ano, así como cando o solicite unha das partes

A Comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que deriven do convenio, poderá propoñer melloras e modificar as actuacións previstas, tras o consentimento das partes e sempre que non supoñan unha alteración substancial do obxecto deste convenio. Calquera modificación que se acorde neste sentido deberá reflectirse por escrito nunha Addenda que se someterá á sinatura dos seus membros.

A Comisión de Seguimento será a responsable da autorización da realización das probas de concepto, en concreto:

- Revisará as propostas de realización de probas de concepto e verificará a súa adecuación aos obxectivos do presente convenio, validando ou rechazando as propostas.
- Naqueles casos nos que se validen as propostas de realización de probas de concepto, establecerá os responsables da súa execución e ordenará a constitución dos Grupos de Traballo específicos para o desenvolvemento de cada unha das probas de concepto, dos que deberán formar parte os responsables da súa execución. Estes Grupos de Traballo abordarán os obxectivos das probas, a súa definición técnica e económica, e levarán o control técnico das actividades que se realicen.
- Validará as previsións de gastos de cada unha das probas de concepto propostas polos Grupos de Traballo específicos, garantindo un reparto equitativo do esforzo inversor de RETEGAL.
- Revisará e validará as xustificacións dos gastos de cada proba de concepto.

O prazo para a xustificación dos gastos da anualidade en curso asociados a cada proba de concepto rematará o día 30 de setembro de cada ano. A documentación xustificativa a presentar por cada proba de concepto, constará de:

- Memoria de bens e servizos efectuados no período de validez do presente convenio asociados á realización da proba de concepto, coa súa correspondente valoración a prezos de mercado.
- Memoria detallada e valorada dos recursos humanos destinados á proba de concepto.

SEXTA.- DURACIÓN DO CONVENIO E PRÓRROGA

A duración do presente convenio será de dous (2) anos a contar dende a data da súa sinatura, sen prexuízo de que nun prazo de trinta (30) días antes da súa finalización se acorde a súa prórroga por períodos sucesivos dun (1) ano ata un máximo de 4 anos adicionais ao da súa extinción

Trala extinción do convenio, procederase á desinstalación do equipamento (e cableado asociado) albergado nos emprazamentos de RETEGAL obxecto deste convenio, para o que contará cun período máximo de trinta (30) días. Non será precisa a desinstalación do equipamento naqueles casos en que os asinantes cheguen a un acordo con RETEGAL que así o determine.

Se, transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, o asinante non tivese retirado os equipos da súa propiedade, consideraranse abandonados a todos os efectos, podendo RETEGAL destinalos ao uso que mellor lle conveña.

SÉTIMA.- EXTINCIÓN


O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

O presente Convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, e en particular cando concorra calquera das seguintes causas:


- Transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- Incumprimento dos compromisos asumidos polas partes.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no convenio ou en outras leis.



OITAVA.- MODIFICACIÓN




Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.




En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS



O desenvolvemento do presente convenio implica o tratamento de datos de carácter persoal por parte de cada un dos integrantes, que serán considerados Encargados de Tratamento, aos efectos do establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPD), no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD), e nos artigos 21 e 82.1 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (en diante, RLOPD). En



calquera caso, este Convenio queda suxeito á regulación nacional e internacional que se atope en vigor en cada momento nesta materia.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento da normativa sobre protección de datos de carácter persoal, especialmente ao Regulamento Xeral de Protección de Datos, ao Real Decreto-lei 5/2018, de 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos, e á nova Lei orgánica de Protección de Datos cuxa aprobación está prevista para o ano 2018.

Tendo en conta que para o desenvolvemento do disposto no presente Contrato, faise necesario que se intercambie información de carácter persoal dos técnicos que acudan ás instalacións obxecto do presente Contrato coa finalidade de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 e 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, en relación coa coordinación de actividades preventivas e disposicións regulamentarias de desenvolvemento, os asinantes se comprometen a informar e obter o consentimento previo das persoas cuxos datos se comuniquen, coa mentada finalidade.

Concretamente, deberase informar que os datos de carácter persoal que se faciliten, poderán ser incorporados nos ficheiros titularidade de Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A., con domicilio en Bando, s/n – San Marcos, 15820 Santiago de Compostela ou rxpd@reteg.gal onde os interesados poderán exercer os dereitos ARCO, mediante a remisión dun escrito indicando o dereito que pretenden exercer, xunto coa copia do seu DNI.

A finalidade para a que serán tratados os datos será o cumprimento sobre a normativa de Prevención de Riscos Laborais. Así mesmo, a fin de xestionar axeitadamente o control de seguridade e acceso ás instalacións de RETEGAL, serán monitorizados todos os accesos, podendo realizar control mediante o uso de cámaras de videovixilancia.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente Convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, se ben observaranse os seu principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

O presente Convenio rexerese por as súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do Dereito Administrativo.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes, durante o desenvolvemento e y execución do presente Convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión prevista na cláusula terceira, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As partes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos persoais e do resto das especificación contidas nel, nos rexistros públicos que proceda, de acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación íntegra e publicidade na páxina web de cada unha das partes asinantes pertencentes ao sector público, con

expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes asinantes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade esixida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

Cada un dos asinantes do presente convenio continuará sendo propietario dos seus dereitos de propiedade intelectual e industrial con relación a aquela información, incluíndo sen limitación algunha manuais, documentación (técnica ou non), software, know how, que pertenza a ese asinante con carácter previo á firma deste convenio e/ou desenvolva ou adquira de terceiros paralelamente ao presente convenio para fins distintos ao obxecto do mesmo.

Calquera dereito de propiedade industrial ou intelectual relativo á información, incluíndo documentación (técnica ou non), software, know how, desenvolvida por un dos asinantes do presente convenio, será propiedade de dito asinante.


Se dita información foi desenvolvida de xeito conxunto pola contribución de varios dos asinantes, a propiedade será compartida entre ditas partes en función da súa porcentaxe de participación no desenvolvemento de dita tarefa.

Calquera dos asinantes do presente acordo porá en coñecemento do resto, á maior brevidade, sobre calquera dereito de propiedade intelectual e/ou industrial de terceiras partes que estea dalgún xeito incluído na información da súa propiedade posta a disposición de outro/s dos asinantes en virtude do presente convenio.


Cada un dos asinantes procuraranse entre eles información libre de dereitos de terceiros, ou ben coas debidas licenzas de uso ou autorizacións, responsabilizándose, deste xeito, de calquera reclamación de terceiras partes.

En posteriores explotacións derivadas do resultado das probas de concepto obxecto do presente convenio, deberase facer referencia explícita a que dito desenvolvemento foi posible grazas ó Plan Galicia 5G.


DÉCIMO CUARTA.- CONFIDENCIALIDADE



Toda a información ou documentación que calquera das partes achegue á outra en desenvolvemento e execución do presente Convenio, considerarase confidencial e exclusiva de quen a achegue, e non se poderá comunicar a terceiros sen o seu consentimento.




As partes exclúen da categoría de información confidencial, toda aquela información que sexa divulgada pola parte titular da mesma, aquela que pola súa característica sexa pública e aquela que deba ser revelada de acordo coas leis ou cunha resolución xudicial ou acto imperativo de autoridade competente.




Esta obriga de confidencialidade persiste ata tres (3) anos despois de finalizar este Contrato. Ningunha das partes adquirirá ningún dereito sobre calquera información confidencial ou outros dereitos de propiedade da outra parte como resultado deste Contrato.

DÉCIMO QUINTA.- NULIDADE




Se calquera estipulación deste Convenio fose declarada nula ou sen efecto, en todo ou en parte, por calquera tribunal ou autoridade competente, as restantes estipulacións conservarán a súa validez, salvo que as partes, discrecionalmente, decidan a terminación do Convenio.




As partes obríganse a negociar unha nova cláusula substitutoria da anulada que, dentro dos termos axustados a Dereito, e con estrito respecto á resolución ou sentenza que

declarase a nulidade, garde a maior identidade de propósito coa cláusula anulada, en canto tal finalidade non tivera sido declarada contraria ao ordenamento xurídico.

DÉCIMO SEXTA.- ADHESIÓN DE OUTROS ACTORES




Durante a vixencia do presente Convenio, outros axentes do ecosistema 5G (centros de investigación, operadores de redes de comunicacións electrónicas, universidades, grupos sectoriais, empresas,...), vinculados ao desenvolvemento das probas de concepto obxecto desde convenio ou con interese en formar parte do Nodo de Cooperación 5G de Galicia, poderán adherirse ao mesmo e colaborar activamente para a consecución dos obxectivos establecidos.




A adhesión ao Convenio realizarase a través da sinatura dunha Addenda ao texto do Convenio, asinado polo interesado así como por RETEGAL e AMTEGA.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS



Sen prexuízo do disposto con carácter xeral na Lei 39/2015, cada un dos asinantes deste convenio identificará dentro dos dez (10) días seguintes á súa firma, unha canle electrónica e/ou presencial na que se realicen todas as comunicacións e notificacións con motivo da execución do presente convenio.


DÉCIMO OITAVA.- CESIÓN



Ningunha das Partes poderá ceder nin transmitir total ou parcialmente a terceiros os dereitos e obrigacións dimanantes do presente convenio, sen a previa autorización escrita do resto dos asinantes do mesmo.

As partes comparecentes en proba da súa conformidade asinan o presente convenio de colaboración para un só efecto.

Pola Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia



Mar Pereira Álvarez

Por Orange Espagne, S.A.U

Por Telefónica Móviles España, S.A.U



Marta Menéndez Martínez

Por Vodafone España, S.A.U



Ignacio de Orúe Sabau

Por Redes de Telecomunicación Galegas
Retegal, S.A



Carlos Becker Mantecon



Miguel Rodríguez Quelle

ANEXO: Escenarios de aplicación das probas de concepto

Detállanse a continuación os posibles escenarios de aplicación das probas de concepto obxecto do presente convenio:

- Banda larga ultrarrápida no rural: posibilidade de prestar servizos de banda larga ultrarrápida (100Mbps ou superior) en contornos rurais e illados, co emprego de tecnoloxías 5G.
- Loita contra incendios forestais 5G: mellora nas tarefas de detección de incendios, facilitando as labores de vixilancia, e/ou apoio na extinción de incendios mellorando a información sobre o terreo mediante a aplicación das vantaxes do 5G.
- Smart Farming: mellora da eficiencia das actividades do sector primario, mediante a automatización de procesos e as posibilidades de xestión de dispositivos co emprego de tecnoloxías 5G.
- Wearables con sensores biomédicos: monitorización remota dos pacientes en mobilidade, de especial interese nos casos de coidado de colectivos coma persoas maiores ou enfermos crónicos grazas ó uso do 5G.
- Unidade Médica 5G: mellora da mobilidade de equipos e persoal sanitario facilitando o achegamento ao paciente empregando as posibilidades de alta capacidade e fiabilidade que ofrecen as 5G.
- Industria 5G: mellora da eficiencia dos procesos produtivos no sector industrial facilitando a aplicación da I2oT e a vixilancia continúa, grazas á fiabilidade, baixa latencia e capacidade de xestión de múltiples dispositivos das 5G.
- Portos 5G: mellora da eficiencia e xestión das infraestruturas portuarias, como a mellora da seguridade dos traballadores, xestión de activos, axudas á navegación ou seguridade en zonas restrinxidas co uso de tecnoloxías 5G.

- Infraestruturas de transporte: mellora na xestión das infraestruturas de transporte empregando tecnoloxías 5G para o recoñecemento e detección de incidencias remoto en tempo real.
- Cidades 5G: mellora da xestión de servizos urbanos, mediante a interacción cos sensores e actuadores dunha *Smart City* que permita a toma de decisións automática ou remota en tempo real, grazas ás capacidades de xestión de dispositivos, alta capacidade e fiabilidade das redes 5G.
- Vehículo conectado: mellora da seguridade viaria e o vehículo autónomo grazas á implantación do 5G nas comunicacións V2X.
- Servizos turísticos avanzados: aplicacións das tecnoloxías 5G para favorecer o chamado turismo intelixente (*Smart destinations*), mellorando a experiencia dos turistas mediante información complementaria e inmersiva de alta calidade.
- Educación 5G: emprego de contidos enriquecidos nas aulas (Realidade Aumentada / Realidade Virtual / Realidade Mixta) e/ou seguridade avanzada en centros universitarios empregando tecnoloxías 5G.
- Televisión 5G: Mellora da axilidade e flexibilidade da xeración e distribución de contidos e/ou desenvolvemento de novas experiencias para o usuario co emprego de tecnoloxías 5G.

